

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 9 de xaneiro de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se abre o prazo para que determinado persoal licenciado sanitario, das unidades e servizos de Atención Primaria, solicite o grao III de desenvolvemento profesional.

A orde da Consellería de Sanidade do 16 de maio de 2006 (DOG nº 102, do 30 de maio), regula o procedemento da integración funcional nas unidades e servizos de Atención Primaria e o acceso ao réxime extraordinario de carreira profesional do persoal licenciado sanitario de cota e zona, dando efecto ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 155/2005, do 9 de xuño (DOG nº 112, do 13 de xuño).

A incorporación especial ao réxime extraordinario de carreira realizouse co recoñecemento dun pregrao e a percepción do correspondente complemento de carreira. Posteriormente, a Resolución do 6 de febreiro de 2007 (DOG nº 33, do 15 de febreiro), abriu o prazo para que o persoal licenciado sanitario das unidades e servizos de Atención Primaria solicitase os graos I e II de desenvolvemento profesional ou a extinción da súa integración funcional.

Neste momento o proceso debe ter a súa continuidade, segundo a secuencia temporal establecida nas referidas disposicións, coa avaliación da integración funcional por parte das comisións de avaliación, para efectos do recoñecemento do grao III do réxime extraordinario de carreira profesional deseñado polo citado Decreto 155/2005. Os criterios de avaliación figuran incorporados á propia Orde do 16 de maio de 2006, e os requisitos exhibibles son os xerais establecidos no decreto (períodos de servizos prestados e situación de activo ou asimilada).

Por último, procede igualmente iniciar con esta resolución o prazo para que o persoal licenciado sanitario, que teña recoñecido o grao II con efectos do 1 de xaneiro de 2007 (disposición transitoria da referida orde), solicite o acceso ao grao III de desenvolvemento profesional.

En consecuencia, en uso das facultades outorgadas no Decreto 155/2005, do 9 de xuño, e na Orde do 16 de maio de 2006, logo de acordo adoptado na Mesa Sectorial de Negociación, esta división

RESOLVE:

Primeiro.-*Obxecto.*

Esta resolución ten por obxecto:

a) Abrir o prazo para que o persoal licenciado sanitario de cota e zona integrado funcionalmente nas unidades e servizos de Atención Primaria ao que lle foi recoñecido o grao II de desenvolvemento profesional,

de conformidade coa orde da Consellería de Sanidade do 16 de maio de 2006 (DOG nº 102, do 30 de maio), solicite o acceso ao grao III de desenvolvemento profesional.

b) Abrir o prazo para que o persoal licenciado sanitario integrado por Orde do 23 de xullo de 1996, que teña recoñecido o grao II con efectos do 1 de xaneiro de 2007 por aplicación da disposición transitoria da referida orde para que solicite o acceso ao grao III de desenvolvemento profesional.

Segundo.-*Acceso ao grao III. Persoal integrado funcionalmente.*

Poderá solicitar o recoñecemento do grao III o persoal a que se refire a alínea a) da disposición primeira que cumpra os seguintes requisitos:

a) Servizos prestados na categoría ou especialidade: 18 anos.

Este requisito acreditarase mediante certificación de servizos prestados emitida polo centro correspondente.

b) Estar en situación de activo ou asimilada, acreditada mediante a certificación a que se fixo referencia na alínea a) anterior.

c) Ter superado favorablemente a avaliación da súa integración funcional, realizada pola correspondente comisión de avaliación en atención do previsto no artigo 6 da orde da Consellería de Sanidade do 16 de maio de 2006 (DOG nº 102, do 30 de maio).

Queda exceptuado do cumprimento deste último requisito o persoal que se atope nalgunha das situacións previstas no punto 1 do artigo 6 do Decreto 155/2005.

Para valorar o cumprimento dos requisitos referidos nas alíneas a) e b) atenderase á data 31 de decembro de 2007.

Terceiro.-*Solicitudes. Persoal integrado funcionalmente.*

Cada solicitante deberá cubrir unha única solicitude axustándose necesariamente ao modelos que figura como anexo.

O profesional deberá presentar a solicitude a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, que advirte que na folla de solicitude debe figurar o selo de rexistro, quedando os orixinais en poder da Administración e expedindo copia para o interesado. A solicitude, que será posteriormente debidamente dilixenciada pola presidencia da comisión para facer constar o resultado da avaliación, deberá dirixirse á División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde e presentarse no prazo que se inicia o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e finaliza o 28 de febreiro de 2008.

Cuarto.-*Acceso ao grao III. Persoal da disposición transitoria da Orde do 16 de maio de 2006.*

Poderá solicitar o recoñecemento do grao III o persoal a que se refire a alínea b) da disposición primeira desta resolución, integrado por Orde do 23 de xullo de 1996.

Os interesados deberán presentar a súa solicitude no prazo de vinte días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A solicitude, dirixida á División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo

Galego de Saúde, así como a documentación acreditativa dos requisitos, deberá presentarse necesariamente no modelo que figura como anexo da Resolución do 5 de xuño de 2007 (DOG nº 115, do 15 de xuño), pola que se abriu o prazo para o recoñecemento do grao III de desenvolvemento profesional das categorías de licenciados sanitarios.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2008.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional

ANEXO

SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DO GRAO III DE CARREIRA PROFESIONAL (PERSOAL LICENCIADO SANITARIO INTEGRADO FUNCIONALMENTE - ORDE DO 16 DE MAIO DE 2006)

DATOS PERSOAIS E PROFESIONAIS	
Apelido e nome	Código numérico persoal
Enderezo	Localidade
Provincia	Teléfono
Categoría	Xerencia de Atención Primaria (destino actual)
Situación administrativa	Activo ou asimilada <input type="checkbox"/>
	Outras <input type="checkbox"/> Especifique cal:

EXPÓN QUE:

Estando en situación de integración funcional nas unidades e servizos de atención primaria, de conformidade coa Orde do 16 de maio de 2006 (DOG do 30 de maio), e reunindo os requisitos básicos para acceder ao grao III de carreira profesional (servizos prestados/situación de activo ou asimilada/ graos anteriores recoñecidos), segundo a documentación que se relaciona:

- Certificado de servizos prestados (referencia 31 de decembro de 2007)
- Outras certificacións

SOLICITA:

- O recoñecemento do **grao III** de carreira profesional

En de de 2008.

Sinatura:

DILIXENCIA: para facer constar que a integración funcional do/da solicitante foi avaliada, para o acceso ao grao III de desenvolvemento profesional:

Positivamente

Negativamente

..... de de 2008.

O/A presidente/a da Comisión de Avaliación

DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL (Servizo Galego de Saúde)

Edificio administrativo San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela